



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de agosto de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catorce de agosto de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria Administración Municipal (Resolución de 01/08/2025), Sra. Saborido Díaz, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(625).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 8 de agosto de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(626).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE. 19288/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/08/2025, asinado pola xefa de Asesoramento e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 18795/111

Decreto nº 12 do 6 de maio de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 216/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA

Contía: 9.294,01 €

O Decreto, firme, ten por desistida á recorrente e declara o remate do procedemento.
Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-RPA.

2.- Contencioso. Expediente nº 18408/111

Sentenza nº 112 do 14 de maio de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 67/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos en vehículo)

Expte(s): 7471/243

Contía: 1.144,25 €

A sentenza, firme, desestima o recurso e considera que non existe responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo toda vez que o verquido da substancia deslizante que ocasionou o accidente do vehículo se produciu pouco antes da colisión, que a limpeza da vía (Eduardo Cabello) non corresponde ao Concello senón ao Porto e que a pesar diso os bombeiros procederon á limpeza do lugar para repoñer a seguridade.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-RPA.

3.- Contencioso. Expediente nº 18585/111

Decreto nº 14 do 10 de xuño de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 115/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos en vehículo por colisión de tapa rede sumidoiro)

Expte(s): 7398/243

Contía: 941,63 €

O Decreto, firme, acepta a desistencia do demandante e declara rematado o procedemento.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-RPA.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

4.- Contencioso. Expediente nº 18389/111

Sentenza nº 138 do 20 de xuño de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 56/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución RPA de data 19/12/2024 (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 6879/243

Contía: 16.498,17 €

Sentenza que desestima o RCA interposto contra a resolución municipal desestimatoria da RPA que presentou o actor para que lle indemnizasen polos danos (materiais e persoais) padecidos como consecuencia dunha caída na beirarrúa, a carón dunhas obras. Pretende que polo órgano xurisdiccional se declare non axustada a Dereito a actuación precedente da administración demandada, se anule e revoque, e o abono da cantidade de 16.498,17 euros, incrementados cos correspondentes intereses legais dende a interposición da reclamación e ata o pagamento, e todo con expresa imposición de custas.

O Concello opúxose á demanda, por canto a cantidade reclamada non era proporcionada ao dano padecido. O reclamante era unha persoa invidente (dun ollo) que camiñaba por unha zona de obras debidamente sinalizada, a través dunha beirarrúa en bo estado que so presentaba unha zona sen lousas pero co firme de terra ao mesmo nivel; camiñaba acompañado e sen asistencia de bastón ou elemento que o asistise. Ademais dos danos persoais reclamaba unha cadea de ouro e crucifixo que alegaba ter perdido como consecuencia da caída. Declarou a súa parella quen manifestou que ía camiñando detrás, sen asistilo, a pesar de que as obras estaban sinalizadas e valadas.

O xulgador recolle na sentenza que había obras claramente visibles, con paso peonil habilitado, e que "cuando nos adentramos en un tramo de la calle en obras compartimos la tradicional reivindicación administrativa de que al peatón le resultan exigibles particulares deberes de diligencia y autocontrol en la deambulación, que imponen prestar una mayor atención y cuidado al caminar" e que "si existe esa relevante limitación sensorial, el sujeto debe ser consciente de ella y obrar en consonancia y no adentrarse en una zona en obras como quien discurre por otra que no lo esté, o hacerlo adoptando una particular diligencia que se traduzca en especial cuidado y atención propio, o con el auxilio de la persona que acompaña".

Tamén recolle que a pretensión indemnizatoria se formulou en termos absolutamente desmesurados, tanto materiais como persoais, e a resolución municipal foi confeccionada en termos cabais e lóxicos, axustados a Dereito "admitiendo la realidad de los hechos, la existencia del desperfecto en la vía, la responsabilidad de la entidad concesionaria responsable de las obras en la calle, pero limitando la indemnización de los daños y perjuicios a los verdaderamente acreditados, en una suma de algo más de mil euros, frente a los más de dieciséis mil que se habían pedido".

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas, e a mesma é firme, polo que contra a mesma non caben recursos.

Darase traslado da mesma ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 18909/111

Sentenza nº 139 do 20 de xuño de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 94/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: En materia de RPA
Expte(s): 6866/243
Contía: 2.238,99 €

Sentenza firme pola que se desestima o RCA presentado polo actor, contra a desestimación presunta do recurso de reposición formulado contra a resolución de inadmisión por prescripción da RPA presentada na Deputación de Pontevedra.

O Concello foi emprazado por canto o mesmo demandante presentara unha RPA ante o Concello, ao tratarse dunha beirarrúa municipal cuxa conservación é competencia da Deputación. No caso municipal, a RPA fora resolta expresamente mediante resolución de inadmisión por falta de lexitimación, e así defendeuse no acto da vista.

A sentenza confirma a resolución provincial, por canto a RPA presentada está prescrita: "la Entidad local menor de Bembrive apuntó la titularidad de la vía por parte de la Diputación de Pontevedra, desde el primer momento, pocos días antes de la sanidad de las lesiones del perjudicado, prácticamente a la semana de su accidente, ya se conocía esa información, por lo que no había espacio para dirigir su reclamación al Concello de Vigo, y en cambio, estaba plenamente identificada la Administración responsable de la vía que comprende, desde luego, no solo la calzada, también sus arcenes y aceras" e que "nada obstaba al perjudicado, tras conocer el informe del alcalde de Bembrive, ad cautelam, a dirigir también su reclamación a la Administración que se le indicó que era la responsable del hecho. No se hizo; cuando se hizo fue tarde".

Non se efectúa pronunciamento en custas debido ás demais circunstancias que se examinaron.

Darase traslado da mesma ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 18501/111

Sentenza nº 143 do 20 de xuño de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 98/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA (caída no parque Quiñones de León)
Expte(s): 7132/243
Contía: 1.098,11 €

Sentenza pola que se desestima o RCA interposto contra a desestimación por silencio, da RPA presentada para que o Concello a indemnizase polos danos padecidos como consecuencia dunha caída en Castrelos (parque), polo mal estado dunha beirarrúa, por importe de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

1.098,11 euros. O recurso foi ampliado contra a resolución expresa municipal pola que se imputa a responsabilidade á empresa adxudicataria do mantemento do parque.

Foi emprazada como codemandada a UTE ZONAS VERDES VIGO, quen alegou a inexistencia de responsabilidade pola súa parte, xa que o defecto que orixinou a caída ten carácter estrutural que se debe á ausencia de cimentación baixo as lousas que forman a beirarrúa, de maneira que as raíces das árbores as levantan periodicamente con seu natural crecemento.

A sentenza recolle a este respecto que "Si ese es el razonamiento que quería hacer valer la concesionaria respecto de la resolución municipal de 19 de mayo del 2025, el cauce procesal no es la comparecencia en juicio en calidad de codemandado. Se debió interponer el correspondiente recurso contencioso administrativo frente a ella".

Por outra banda, en relación ao alegado pola demandante, a sentenza recolle que "La resolución municipal impugnada es impoluta, no hay motivos, ni razones para apreciar su disconformidad a Derecho, para anularla, ni para revocarla" en canto "El estado de la acera que muestran las fotografías es lamentable, ignoramos si la culpa es de las raíces de los árboles, o de la defectuosa técnica de ejecución de este lugar de paso peatonal por excelencia. Lo único seguro es que no puede estar así. Constituye un peligro objetivo y grave para la deambulación y sus características apuntan a que no ha tenido una aparición súbita, repentina. Es preciso recordar la obviedad de que el estado de las vías públicas, en particular de las zonas de paseo por antonomasia, como son las aceras, debe ser óptimo tanto para el caminar de una persona joven, ágil, con plenas facultades físicas, como para personas de avanzada edad, como es el caso de la recurrente".

En definitiva, a sentenza confirma a resolución municipal pola que se lle imputa a responsabilidade á entidade codemandada.

A sentenza é firme, e foi ditada sen expresa imposición de custas.

Darase conta desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio, para o seu coñecemento.

7.- Contencioso. Expediente nº 17330/111

Sentenza nº 293 do 4 de xullo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7465/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Apelación da sentenza nº 83/2024 do 25/04/2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 361/2023 (expediente nº 16617/111)

Obxecto do recurso de orixe: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída cando transitaba pola grada que dá acceso á rúa Vía Norte na Praza superior do Centro Comercial Vialia

Expte(s): 6890/243

Contía: 43.656,58 €

Sentenza do TSXG que estima o recurso de apelación formulado por ADIF contra a SXCA núm 2 de Vigo que desestima o RCA interposto por unha cidadá que reclamaba ao Concello unha indemnización por unha caída padecida na praza pública sita na cuberta do CC Vialia por importe de 43.656,58 €.

En dito RCA fora emprazada ADIF como interesada, quen á vista da sentenza do XCA presentou recurso de apelación por canto non lle queda acreditada a titularidade dese espazo ao tempo da caída, e consideraba que a sentenza do XCA núm 2 de Vigo non "cabe recoger, sin más, la falta de titularidad del Concello, recogiendo que se ha realizado una "extensa prueba documental", sin recoger lo que se ha analizado para alcanzar tal conclusión, con grave omisión en el razonamiento que conlleva la anulación de la sentencia, con retroacción de actuaciones para valorar y razonar debidamente el porqué el Concello es ajeno al espacio del accidente, desconociendo ADIF (indefensión) de quién es la titularidad, al señalarse que el Concello no es, pero no quién es el titular, ni que documentos, convenios o títulos de imputación del espacio se han analizado para alcanzar tal conclusión".

Esta STSXG estima a apelación de ADIF e a adhesión da demandante en primeira instancia e anula a sentenza de instancia, ordeando retrotraer as actuacións xudiciais ao momento anterior ao ditado da sentenza para que o XCA núm 2 de Vigo "dicte pronunciamiento expreso sobre las causas de inadmisibilidad del recurso respecto de ADIF del art. 69 a) y c) LJCA, con razonamiento correcto de valoración de la prueba sobre la titularidad del bien; sin hacer especial pronunciamiento sobre las costas".

A sentenza non é firme e contra ela pode interpoñerse recurso de casación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

8.- Contencioso. Expediente nº 18632/111

Sentenza nº 149 do 15 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 131/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación da reclamación de RPA (danos en vivenda)

Expte(s): 7343/243

Contía: 762,42 €

Sentenza firme pola que se estima o RCA interposto contra a desestimación por silencio da RPA presentada no Concello para reclamar 762,42 euros en concepto de danos nun baixo por filtracións procedentes da beirarrúa municipal.

A sentenza recolle que "el mantenimiento de la acera, de la que es titular el Concello de Vigo, corresponde a este. Por lo tanto, habiéndose acreditado conforme al informe pericial ratificado en el acto de la vista, que las filtraciones se producen tanto a través de la acera, como a través de las juntas de la arqueta, por un deficiente estado de la acera en ese punto, el Concello de Vigo ha de responder de los daños y perjuicios derivados de dicho mal estado. Ello sin perjuicio de que, si hubiera lugar a ello, el Concello pudiera repetir contra telefónica en caso de acreditarse que los daños fueron causados por dicha empresa al colocar la arqueta o el cableado existente en la misma."



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Impóñenselle as custas ao Concello de Vigo, e contra a mesma non caben recursos.

Darase traslado desta sentenza ao servizo de Patrimonio e á xefatura da Área de Fomento para o seu coñecemento.

9.- Contencioso. Expediente nº 18775/111

Auto nº 109 do 28 de maio de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 168/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do 11/02/2025 e desestimación por silencio administrativo, relativos a procedemento sancionador en materia de tráfico

Expte(s): 6123/550, 374193/700, e expediente derivado de boletín de denuncia nº 20241310041-8

Contía: 610,61 €

O Decreto, firme, declara rematado o procedemento e ordena o arquivo do recurso ao terse ditado polo Concello resolución de 15 de maio de 2025 da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal que acordaba anular a sanción imposta e repoñer os 6 puntos retirados do permiso de conducir e o pagamento de 612,34 €, en concepto de devolución do importe da multa.

Impóñense custas de 50 € máis IVE ao terse ditado esta resolución cando xa estaba interposto o recurso.

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade e Mobilidade.

10.- Contencioso. Expediente nº 18486/111

Sentenza nº 127 do 30 de maio de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 92/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Providencia de apremio ditada en expedientes sancionadores

Expte(s): 327931/280, 404959/700

Contía: 445,26 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a providencia de constrinximento é conforme a dereito ao térense practicado validamente todas as notificacións nos procedementos sancionadores de tráfico dos que deriva.

Debe coñecer o resolto a Recadación Executiva.

11.- Contencioso. Expediente nº 18710/111

Sentenza nº 150 do 15 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 171/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada polo TEA, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a providencia de apremio (multa de 200 euros e retirada de puntos)
Expte(s): 6045/550
Contía: 200,00 €

Sentenza firme pola que se estima o RCA interposto polo demandante ao que se lle impuxo unha sanción de tráfico de 200 euros con retirada de 4 puntos do carnet de conducir, por non facer uso o condutor do vehículo ou facelo de xeito inaxeitado do cinto de seguridade.

O RCA foi interposto contra o acordo do TEA que resolveu a REA presentada polo demandante contra a providencia de constrinximento pola que se recada a sanción con recargo.

O Concello alegou o xa indicado polo TEA sobre a improcedencia da REA presentada por non axustarse aos supostos taxados da LXT aos que debe axustarse, e a maiores, que a demandante non aportou proba suficiente para desvirtuar a denuncia practicada en persoa pola Policía Local, que constaba debidamente asinada pola persoa que no acto identificou o axente como condutora do vehículo, así como a falta de recurso no procedemento sancionador por ningunha das persoas afectadas pola mesma.

A sentenza estima a demanda abeirándose na declaración testemuñal efectuada no acto da vista dunha terceira persoa que se identifica como condutora ese día do vehículo, que non coincide coa persoa condutora do vehículo identificada pola Policía Local na denuncia que consta no expediente.

A sentenza foi ditada con expresa imposición de custas ao Concello, co límite máximo de 100 euros máis IVE. Contra a mesma non caben recursos.

Darase traslado desta sentenza ao servizo municipal de Recadación Executiva e ao TEA municipal para o seu coñecemento.

12.- Contencioso. Expediente nº 18760/111

Decreto nº 142 do 20 de xuño de 2025
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Ordinario: 15194/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Actos da administración catastral (Concello de Vigo emprazado como interesado)

Decreto firme polo que ten por desistido ao recorrente, á vista do escrito presentado, no que non indica os motivos da desistencia. O Concello non se opuxo á desistencia, por non afectar a mesma ao interese público.

O decreto foi ditado sen imposición de custas, e contra o mesmo cabía interpoñer recurso de revisión (non interposto polas partes).

Darase traslado deste decreto ao servizo de Recadación e ao TEA do Concello de Vigo para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 18848/111



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Sentenza nº 142 do 19 de xuño de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 226/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolucións ditadas polo Tribunal Económico-Administrativo nas datas 05/03/2024 e 12/03/2024
Expte(s): 5887/550, 6021/550, 411236/700
Contía: 12.778,81 €

A sentenza, que é firme, desestima o recurso fronte ás resolucións do TEA que a súa vez desestimaron as reclamacións económico- administrativas contra as desestimacións dos recursos de reposición interpostos contra as dilixencias de embargo por débedas de IBI e EUI dos exercicios 2014 a 2022 .

No FX2º razoa que non foron alegados ningún dos motivos taxados previstos no 170 da LXT e que todas as cuestións alegadas polo recorrente foron xa resoltas nun anterior proceso xudicial por sentenza firme, sen apreciar vicio procesual polo feito de que se atribúan diversas numeracións as distintas fases do expediente, nin pode ser causa válida de oposición a situación de vulnerabilidade do recorrente.

Condena ao recorrente ao pago das custas procesuais co límite de 400 euros máis IVE.

Deben coñecer o resolto o TEA e Recadación Executiva.

14.- Contencioso. Expediente nº 18641/111

Sentenza nº 130 do 5 de xuño de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 135/2025
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo da reclamación económico-administrativa, relativa á solicitude de rectificación da autoliquidación do imposto IIVTNU de inmovible
Expte(s): 5989/550, 39561/514
Contía: 18.978,79 €

Esta sentenza que é firme por contía, inadmite o recurso da parte demandante e lle impón as custas do procedemento, se ben taxadas ao importe de 200 euros.

A resolución comparte a apreciación do TEAC de que a demandante non presentou reclamación algunha de rectificación da autoliquidación. Non constaba esa reclamación e esa foi a razón pola cal se inadmitiu o recurso, polo que non se podía considerar un silencio.

Contra a resolución expresa do TEAC nin solicitou a ampliación do recurso nin desistiu do procedemento, polo que se confirma en idéntico sentido que o do órgano municipal a procedencia da inadmisión deste recurso.

O TEAC e a Dirección de Ingresos deben de coñecer do resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 17920/111

Auto do 14 de maio de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Ordinario: 4330/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Requerimento de pago feito pola Autoridade Portuaria de Vigo pola liquidación do convenio "Abrir Vigo ao Mar"

Expte(s): 1766/441

O Auto desestima o recurso de reposición interposto polo Concello de Vigo contra o Auto anterior 36/2025 de 24 de marzo que inadmitiu o recurso contencioso interposto polo Concello ao considerar que o requirimento previo da Autoridade Portuaria de Vigo (APV) ao Concello de abono de cantidades por mor da liquidación do convenio "abrir Vigo al mar" non é suceptible de recurso xa que o Concello poderá defender os seus intereses no recurso contencioso que interpoña a APV fronte o rexeitamento de pago do Concello e no que se examinará o procedemento de liquidación así como a contía da cantidade reclamada.

Debe coñecer o resolto a área de Fomento.

16.- Contencioso. Expediente nº 15007/111

Providencia do 11 de xuño de 2025

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de casación: 5622/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Sentenza nº 105/2024 de 11/04/2024 do TSXG, Sala C-A, Sec. 3ª, ditada en Recurso de apelación nº 7141/2022

Obxecto do recurso de orixe: XGL 27-1-2021. Prórroga do contrato de xestión integral do servizo de augas (expediente 13400/111)

Expte(s): 742/441

Contía: Indeterminada

Esta resolución inadmite o recurso de casación que pretendía promover a recorrente contra a sentenza ditada polo TSXG, no procedemento de impugnación da segunda prórroga para o contrato de xestión integral para o abastecemento e saneamento de Vigo.

A Sala do TS considera inadmisíble o recurso porque o pretendido é unha solución concreta ao caso, e non un pronunciamento xeral sobre a interpretación das normas, finalidade do recurso de casación. As resolucións aportadas como contraste pola recorrente refírense ao modo de xestión do servizo. Tampouco considera que concorran a nota dunha modificación substancial das condicións de execución do contrato.

Impóñense as custas por importe de 1.000 euros en favor da representación do Concello e outros 1.000 euros en favor da representación da concesionaria que tamén participou no proceso xudicial.

A área de Fomento e a de Contratación deben coñecer do resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 18287/111

Sentenza nº 192 do 16 de xuño de 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4062/2025

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Apelación da sentenza nº 192/2024 do 30/10/2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 187/2023 (expediente nº 15975/111)

Obxecto do recurso de orixe: Acordo do Pleno do Concello de Vigo de data 29/03/2023, de actualización do apartado 2O do acordo plenario do 27/01/1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 01/01/2023

Expte(s): 2979/500, 3006/500, 3771/1101, 336/441

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, non firme, estima o recurso de apelación interposto polo Concello de O Porriño pero só por unha cuestión formal referida á tramitación procesual: ordena a retroacción de actuacións para que a administración municipal demandante poida achegar no prazo de 10 días acordo plenario para o exercicio de accións e subsane o defecto de falta de lexitimación en relación co artigo 45.2.d) da LXC-A, sen imposición de custas. Establece que dado que o Xulgado non lle outorgou prazo ao concello demandante para subsanar este defecto invocado polo Concello de Vigo, produciulle indefensión, polo que procede a retroacción do fallo.

A Sentenza de apelación concorda co xuíz de instancia en que é competencia plenaria acordar o exercicio de accións, pero estima a apelación porque o xulgado tiña que permitirlle subsanar ese extremo e non o fixo.

A área de Fomento, a Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e a Recadación Municipal, deben coñecer o resolto.

18.- Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza nº 77/2024, de 22 de abril do 2024, ditada no Procedemento Abreviado nº 346/2023 (SPEIS)

Referencia Asesoría	Procedemento Extensión Efectos	Auto		Imposición custas
		Núm.	Data	
18824/111	213/2025	122	18/06/25	Máx. 100 €
18740/111	170/2025	123	18/06/25	Máx. 100 €
18643/111	109/2025	124	18/06/25	Máx. 100 €
18723/111	149/2025	125	18/06/25	Máx. 100 €
18743/111	169/2025	126	18/06/25	Máx. 100 €
18686/111	163/2025	127	18/06/25	Máx. 100 €
18747/111	190/2025	128	18/06/25	Non

Referencia Asesoría	Procedemento Ex- tensión Efectos	Auto		Imposición custas
		Núm.	Data	
18661/111	145/2025	129	18/06/25	Máx. 100 €
18778/111	210/2025	130	18/06/25	Non
18677/111	152/2025	131	18/06/25	Máx. 100 €
18676/111	155/2025	132	18/06/25	Máx. 100 €
18733/111	191/2025	133	18/06/25	Non
18729/111	178/2025	134	18/06/25	Non
18692/111	165/2025	135	18/06/25	Máx. 100 €
18736/111	188/2025	136	18/06/25	Non
18767/111	185/2025	137	18/06/25	Non
18807/111	215/2025	138	18/06/25	Non
18744/111	194/2025	139	18/06/25	Non
18724/111	174/2025	140	18/06/25	Non
18734/111	193/2025	141	18/06/25	Non
18735/111	173/2025	142	18/06/25	Non
18782/111	201/2025	143	18/06/25	Non
18792/111	196/2025	144	18/06/25	Máx. 100 €
18777/111	208/2025	145	18/06/25	Non
18842/111	182/2025	147	19/06/25	Máx. 100 €
18797/111	214/2025	148	18/06/25	Non
18742/111	195/2025	149	19/06/25	Máx. 100 €
19006/111	181/2025	155	07/07/25	Máx. 100 €
18786/111	203/2025	156	07/07/25	Non
18746/111	187/2025	157	07/07/25	Máx. 100 €
18870/111	220/2025	158	07/07/25	Máx. 100 €
19063/111	164/2025	159	07/07/25	Máx. 100 €
18833/111	186/2025	160	07/07/25	Máx. 100 €
18781/111	204/2025	164	08/07/25	Non
18741/111	192/2025	166	07/07/25	Non
18872/111	221/2025	168	08/07/25	Máx. 100 €
18963/111	180/2025	173	08/07/25	Máx. 100 €

Mediante os seguintes Autos, non firmes e recorridos en apelación, acórdase a extensión de efectos da sentenza 77/2024, do 22 de abril de 2024, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo no Procedemento Abreviado 346/2023, na que se recoñecía o dereito á compensación do tempo de solapamento de entrada e saída en cada quenda (correnta minutos) ou con tempo de descanso ou coas percepcións salariais correspondentes computados desde a data da pretensión.

19.- Contencioso. Expediente nº 18653/111

Auto nº 107 do 27 de maio de 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Extensión de efectos de sentenza: 147/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza nº 77/2024, de 22 de abril do 2024, ditada no Procedemento Abreviado nº 346/2023 (SPEIS)

Trátase dun procedemento contencioso PEP - extension de efectos de sentenza en materia de persoal 147/2025 no que se solicita a extensión de efectos de sentenza 77/24 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Vigo no Procedemento Abreviado 346/2023, de data de 22 de abril de 2024, na que se declaraba, como situación xurídica individualizada, que o demandante tiña dereito a que se lle compensase polo solapamento de xornada laboral (40m) ou ben con descanso ou co aboamento das percepcións salariais correspondentes (5.176,82 €).

Por Auto 107/2025 de 27 de maio de 2025 resolveuse estimar a petición do demandante e en consecuencia declarou, como situación xurídica individualizada, que o recorrente ten dereito a que se lle compense polo solapamento de xornada laboral (40m) ou ben con descanso ou co abono das percepcións salariais correspondentes incrementadas con xuros computados desde a data da pretensión (8/4/25).

Existen numerosos asuntos similares que se están a tramitar na asesoría xurídica nos que se están ditando Autos estimatorios de extensión de efectos e contra os que se están interpoñendo os correspondentes recursos de apelación. Neste caso transcorreu o prazo sen formularse recurso de apelación polo que o Auto quedou firme.

En consecuencia, debe ser executado polo servizo xestor na forma que considere procedente.

20.- Contencioso. Expediente nº 18117/111

Auto nº 24 do 17 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Extensión de efectos de sentenza: 365/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza nº 308/2022, de 16 de novembro do 2022, ditada no Procedemento Abreviado nº 30/2022 (SPEIS)

Este Auto, firme, impón as custas do procedemento e estima a solicitude de extensión de efectos promovida polo demandante.

A resolución recoñece, como aconteceu noutros supostos semellantes, o dereito do demandante a percibir o complemento de destino e o específico do posto de Sarxento con carácter retroactivo ata o límite legal -4 anos dende a data de presentación da demanda- coa dedución das cantidades abonadas en nómina en concepto de "indemnización de sentenza". Complementariamente o Concello debe proceder a ingresar as cotizacións que procedan e ao abono dos xuros das cantidades sinaladas.

A área de Recursos Humanos e Formación e a xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento deben coñecer do resolto e procederse á execución da sentenza.

S.ord.14/08/2025

21.- Contencioso. Expediente nº 16969/111

Providencia do 18 de xuño de 2025

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de casación: 126/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Despacho de execución de sentenza (SPEIS) (expediente 16071/111)

Esta resolución inadmite o recurso de casación promovido polo demandante contra a sentenza ditada polo TSXG o 10 de xullo do 2024, que resolveu o recurso de apelación pola súa vez interposto contra un auto ditado na peza de execución da sentenza.

Esta sentenza do TSXG resolveu o recurso interposto polo actor contra o auto, no que pretendía unha alteración das cantidades informadas nesa executoria, discutindo de novo a aplicabilidade da fórmula establecida no acordo regulador do Concello de Vigo.

A Sala do TS considera que non concorre interese casacional algún e, e tampouco porque non se resolveu polo TSXG ningunha cuestión non tratada anteriormente. A maiores, lembra que a discusión sobre a fórmula de cálculo da hora xa se tratou dúas veces polo órgano de instancia, e apelado e desestimado, resultou igualmente inadmitido o recurso de casación mediante outra providencia. A cuestión propia sobre a vixencia dun acordo regulador non é materia legal, e polo tanto, non se pode pronunciar o TS.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 17035/111

Sentenza nº 346 do 21 de maio de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 140/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Apelación da sentenza nº 38/2024 do 20/02/2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 347/2023 (expediente nº 16549/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución de 18/09/2023 ditada pola Concellería de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal

Expte(s): 40934/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme pero contra a que só é posible a interposición dun recurso de casación, desestima o recurso interposto polas demandantes contra a sentenza de instancia, igualmente desestimatoria.

O obxecto do recurso era a resolución desestimatoria do recurso de reposición interposto contra o acto de aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo, nomeadamente con relación aos postos de Diplomada/o en traballo social (servizo de benestar social). O pretendido e exposto era a homoxeneización entre o complemento específico do posto das recorrentes e o da mesma denominación pero adscrito ao servizo do CEDRO, ámbolos dous servizos dependentes da área de Benestar Social.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

A Sala valora e confirma como razón para a desestimación a ofrecida na instancia, que é que ao pretenderse unha valoración dos postos de traballo, a modificación do complemento específico esixe unha valoración previa do posto, que non se realizou neste caso e tampouco consta solicitada polas apelantes.

Ademais do anterior, reitera que o que se esixe a efectos de equiparar os complementos de diferentes postos con semellantes funcións, é que esas funcións sexan idénticas, identidade que non existe dende o momento no que as persoas usuarias do CEDRO é continuada por parte do persoal do CEDRO, e o seu contacto por parte dunha empregada pública como as apelantes con ese tipo de usuarias é puntual, esporádica.

Valórase complementariamente ao anterior, que o Concello iniciou os traballos correspondentes ás prestacións contratadas pola área de RRHH e Formación para a valoración de postos de traballo (40869/220), e que tampouco se solicitaba unha condena a iniciar a valoración deses postos.

A área de RRHH e Formación e a de Benestar Social deben coñecer do resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 17371/111

Sentenza nº 415 do 18 de xuño de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 275/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Apelación da sentenza nº 103/2024 do 23/05/2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 317/2023 (expediente nº 16436/111)

Obxecto do recurso de orixe: Decreto da Concelleira da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo por promoción interna para as prazas de Inspector/a de Concesionarias, e que desestima a súa reclamación, resultando definitivamente excluído

Expte(s): 41019/220

Contía: Indeterminada

A sentenza estima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza 103 de 23 de maio de 2024 do XCA1 que estimou o recurso contencioso interposto polo traballador municipal contra a súa exclusión do proceso selectivo por promoción interna para a praza de Inspector de Concesionarias, e declarou o dereito do actor a participar no proceso selectivo, condenando ao Concello a retrotraer o procedemento.

A sentenza no FX 5 razoa que:

- Son as bases específicas de cada convocatoria as que determinan os colectivos que poderán participar en cada proceso e as características e condicións do mesmo.
- a exclusión do recorrente se acomoda ao disposto nas bases específicas da convocatoria posto que non acreditou estar desempeñando funcións de persoal funcionario mediante acto administrativo.
- non resulta de aplicación a este caso o disposto na DT 2ª do TR do EBEP nin a DT1ª da LEPG : non consta que a 13 de maio de 2007 o recorrente estivera realizando funcións ou

desempeñara postos de traballo de persoal funcionario, ou que pasara a realizar esas funcións ou a desempeñar eses postos en virtude de probas de selección ou de promoción interna convocadas antes desa data.

A sentenza, sen imposición de custas procesuais, é susceptible de recurso de casación sempre que se acredite interese casacional.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Recursos Humanos e Formación.

24.- Contencioso. Expediente nº 18624/111

Decreto nº 38 do 1 de xullo de 2015

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 128/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Acordo da XGL desestimatorio do recurso de reposición formulado contra as bases específicas da convocatoria dos procesos selectivos OEP 2020, 2021, e 2022 2ª fase

Expte(s): 44949/220

O decreto, firme, acorda ter por desistido ao recorrente declarando a terminación deste procedemento.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Recursos Humanos e Formación.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1.- Social. Expediente nº 15327/111

Sentenza do 13 de maio de 2025

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Sanción: 721/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Demanda de impugnación de sanción laboral moi grave imposta na resolución do 06/10/2022 que acordou a suspensión de emprego e soldo por cumprimento da condena de inhabilitación para emprego ou cargo público polo prazo de 9 anos

Expte(s): 40847/220

A sentenza, fronte a que cabe recurso de suplicación, rexeita a demanda ao entender que o resolto polo Concello é execución de sentenza.

2.- Social. Expediente nº 17799/111

Sentenza nº 2661 do 14 de maio de 2025

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 6160/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Sentenza nº 430/2024 do 26/09/2024 ditada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 292/2022 (expediente nº 15868/111)

Obxecto do recurso de orixe: Indemnización de danos e perxuízos derivados de enfermidade profesional (responsabilidade civil - falta medidas de seguridade)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

A sentenza que se está a comunicar, firme, desestima o recurso de suplicación interposto polo recorrente e confirma a resolución ditada na instancia. O Concello de Vigo figuraba como codemandado no procedemento principal na que constaba como demandada a empresa concesionaria do servizo de transporte colectivo urbano Vitrasa.

A sentenza recorrida desestimou a pretensión en materia de responsabilidade civil derivada de enfermidade profesional, e a ditada en suplicación a confirma posto que a imputación que se lle fai á empresa do incumprimento en materia de prevención de riscos laborais resulta excesivamente xenérico como para comprobar ou establecer que existiu vulneración deses preceptos. Concluindo que existe actividade preventiva por parte da empresa.

Outros dos pronunciamentos que contén atañen exclusivamente á relación entre a empresa e o traballador e non presentan interese para esta administración.

A área de Recursos Humanos e Formación debe coñecer do resolto a efectos ilustrativos.

3.- Social. Expediente nº 17347/111

Sentenza nº 2882 do 2 de xuño de 2025

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 4094/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Sentenza nº 290/2024 do 30/05/2024 ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 285/2024 (expediente nº 17081/111)

Obxecto do recurso de orixe: Recoñecemento de dereito

Sentenza firme do TSXG que confirma a sentenza do XS núm. 1 de Vigo pola que se lle recoñece ao demandante, persoal laboral municipal, a cantidade de 3.600 euros, en concepto de premio por xubilación anticipada e lle abone a cantidade de 3.600 euros.

O Concello de Vigo presentou recurso de suplicación contra a sentenza de instancia, fundamentado en que o persoal laboral e o persoal funcionario teñen equiparados os seus conceptos retributivos, tal e como consta no Acordo Regulador e así prevese no art 22 do EBEP.

O TSXG recolle que o previsto polo art 22 do EBEP non é de aplicación, xa que o art. 7 do mesmo texto recolle que "El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan". Ademais se indica que non estamos ante unha retribución, senón ante unha mellora social; e que o acordo regulador (art 33) o recolle expresamente de xeito claro e indubidado.

A sentenza imponse as custas ao Concello de Vigo por importe de 750 euros.

Darase traslado desta resolución á xefatura de Área de Recursos Humanos e Formación para o seu coñecemento e efectos.

4.- Social. Expediente nº 17034/111

Sentenza nº 3011 do 5 de xuño de 2025

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 3743/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Sentenza nº 85/2024 do 28/02/2024 ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 2/2024 (expediente nº 16781/111)

Obxecto do recurso de orixe: Recoñecemento de dereito e cantidades polos servizos prestados como persoal laboral coa categoría de Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia e Control, deixadas de percibir durante o período de IT

Sentenza firme do TSXG que confirma a sentenza do XS núm. 1 de Vigo, que desestima a demanda dunha traballadora municipal (persoal laboral) consistente nunha reclamación de cantidades (61,40 euros) nos períodos de IT, alegando que en dito período, de non estar de baixa (período do 25/11/2022 ao 24/05/2023). Como proba aporta os cadrantes de traballo.

Recolle o TSXG nesta sentenza o alegado polo Concello, en relación á imposibilidade de recorrer a sentenza de instancia por mor da contía litixiosa (inferior a 3000 euros). Tampouco pode considerarse un suposto susceptible de afectar a unha pluralidade de empregados municipais xa que non quedou probada esa afectación xeral que indica a sentenza de instancia: a natureza da pretensión é de alcance singular.

Por último a sentenza recolle que "Por todo ello, resulta evidente que si la Sala procediese a examinar y dar respuesta al recurso planteado, asumiría indebidamente una competencia funcional de la que carece, por lo que concurre motivo de inadmisión del recurso de suplicación que, por haberse admitido en su momento, se convierte en causa de desestimación, deviniendo firme la sentencia de instancia recurrida".

A sentenza non se pronuncia sobre as custas.

Darase traslado desta resolución á xefatura de Medio Ambiente e da entidade VigoZoo, así como á xefatura da área de RRHH para o seu coñecemento.

5.- Social. Expediente nº 18875/111

Decreto nº 278 do 23 de xuño de 2025

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Modificación substancial das condicións laborais: 346/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Modificación substancial das condicións de traballo

Decreto polo que se ten por desistida á traballadora municipal do servizo de Deportes, da demanda interposta por Modificación Substancial das condicións de traballo, consistente na orde do servizo de cese de funcións de oficial en concepto de produtividade, e volta ao seu posto de traballo de axudante, por canto esta incorporación ao seu posto supón un horario de traballo diferente ao de oficial.

A demandante desistiu antes do acto da vista, por canto hai unha nova resolución (que a traballadora descoñecía) que lle asigna novamente as funcións de oficial polo prazo de 6 meses, aportando copia a representación do Concello da resolución antes da desistencia.

O decreto archiva as actuacións e contra o mesmo cabe recurso de revisión.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Darase traslado desta resolución ás xefaturas de RRHH e Deportes para o seu coñecemento.

6.- Social. Expediente nº 19108/111

Sentenza nº 321 do 10 de xullo de 2025

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 420/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades (tarefas de superior categoría)

Sentenza firme que desestima a pretensión dunha traballadora municipal, oficial de instalacións deportivas, do cobro de produtividade pola realización de tarefas administrativas.

Alega a actora que realiza funcións administrativas e reclama en concepto de complemento de produtividade polo ano 2024 a cantidade de 1.014 euros.

O xulgado considera que non procede o reclamado por canto "las funciones en las que la actora fundamenta su reclamación forman parte de las funciones que constan en la Guía de Funciones del Concello demandado: manejo de nuevos equipos informáticos y de nuevas instalaciones técnicas.

La traballadora no realiza como tales funciones administrativas, sino que se le facilita un ordenador para que introduzca datos en el mismo y realice ciertas labores que antes hacía a mano como cobrar cuotas, dar altas y bajas de usuarios o escanear documentación, lo que está previsto en sus funciones según la Guía de Funciones del Concello".

Contra a sentenza non caben recursos.

Darase traslado da mesma ás xefaturas de Recursos Humanos e do servizo de Deportes para o seu coñecemento.

C. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional civil

1.- Civil. Expediente nº 15587/111

Sentenza nº 447 do 23 de maio de 2025

Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 6 de Pontevedra

Recurso de apelación: 857/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Apelación da sentenza nº 32/2023 do 09/02/2023 ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 8 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 74/2020 (expediente nº 13247/111)

Obxecto do recurso de orixe: Reclamación da propiedade dunha porción do monte "Cotogrande-Lodoso" (Cabral).

Esta sentenza desestima o recurso interposto pola representación da Comunidade de Montes de Cabral contra a sentenza ditada na instancia, que desestimara a demanda absolven-do ao Concello de Vigo como codemandado.

Pretendía a comunidade de montes o recoñecemento da propiedade duns terreos (acción reivindicatoria), alegando que forman parte do monte "Cotogrande". A Audiencia Provincial pola súa parte, para resolver este recurso de apelación toma a xurisprudencia do TSXG consolidada e sinala que son relevantes, aos efectos de posibilitar tal recoñecemento os seguintes aspectos:

A resolución que o Xurado de calificación fixera dun monte, delimitando o seu perímetro. E en segundo lugar, ten igualmente relevancia a clasificación urbanística que teñan os terreos pretendidos, e nomeadamente se se clasifican como urbanos, posto que a Lei do Solo contén un mandato de clasificación de solos como urbanos dos que xa non hai rastro de condición natural, como sucede coa parcela deste asunto.

Polo demais, do resultado da práctica da proba e no que a posición municipal interesa, resulta que non se acredita que os terreos permutados polo Concello integrasen os do Monte, e o informe técnico municipal aportado recolle que a parcela reclamada se sitúa fóra da superficie recoñecida como monte veciñal. Polo que valorado isto xunto co resto da proba practicada, se desestima o recurso e confirma a sentenza de instancia.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(627).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD). EXPTE. 98456/332.

Visto o informe de fiscalización de data 7/08/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) (98.456-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) (98.456-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 21/04/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 23/04/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 1.131.287,92 euros (exento de IVE), para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3260.227.9918 “Escola municipal de música tradicional e folk”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 50.565,14 euros correspondentes ao ano 2025;*
- 282.821,98 euros correspondentes ao ano 2026;*
- 282.821,98 euros correspondentes ao ano 2027;*
- 282.821,98 euros correspondentes ao ano 2028;*
- e 232.256,84 euros correspondentes ao ano 2029.*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 18 de xullo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedementoaberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) (98456-332) na seguinte orde descendente:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

	Licitador	Puntuación total
1	GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, SL	90,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (GRED, S.L.), o día 21 de xullo de 2025, que presenta a documentación requirida o 4 de agosto de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (197.975,39 €) presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (197.975,39 €) presentan certificado de boa execución cuxo importe do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval bancario por un importe de 56.550,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de agosto de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e,

sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (GRED, S.L.), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (GRED, S.L.), de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 9 de xullo de 2025 e do acordo da Mesa do 17 de xullo, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (GRED, S.L.) o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) (98.456-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo do contrato é de 1.131.000,00 euros, exento de IVE.*
- b) *Comprométese á realización de 15 días de actividades extraescolares complementarias ofertadas (a maiores das audicións periódicas do*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

alumnado) de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da ETRAD (Anexo I do PPT).

- c) *Comprométese á impartición de 60 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2 do Proxecto Educativo da ETRAD (Anexo I do PPT).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(628).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO (EMMV). EXPTE. 98455/332.

Visto o informe de fiscalización de data 7/08/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV) (98.455-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV) (98.455-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 21/04/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 22/04/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 1.942.933,84 euros (exento de IVE), para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9902 “Escola municipal de música”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 86.843,27 euros correspondentes ao ano 2025;*
- 485.733,46 euros correspondentes ao ano 2026;*
- 485.733,46 euros correspondentes ao ano 2027;*
- 485.733,46 euros correspondentes ao ano 2028;*
- e 398.890,19 euros correspondentes ao ano 2029.*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 18 de xullo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV) (98455-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ESMUVIGO SOC. COOP GALEGA	

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO SOC. COOP GALEGA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

1. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO SOC. COOP GALEGA, o día 21 de xullo de 2025, que presenta a documentación requirida o 4 de agosto, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (340.013,42 €) presentan a conta de perdas e ganancias do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (340.013,42 €) presentan certificado de boa execución cuxo importe do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención do importe da garantía definitiva no prezo do contrato.
- Certificación do secretario da cooperativa sobre os poderes do asinante da oferta.

A escritura de constitución da licitadora e os estatutos obtivéronse do expte 23.977-332.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de agosto de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESMUVIGO SOC. COOP GALEGA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESMUVIGO SOC. COOP GALEGA, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 8 de xullo de 2025 e do acordo da Mesa de Contratación, de data 17 de xullo, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMUVIGO SOC. COOP GALEGA o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV) (98.455-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo do contrato é de 1.942.933,84 euros, exento de IVE.*
- b) Comprométese á realización de 10 días de actividades extraescolares complementarias ofertada (a maiores das audicións periódicas do alumnado) de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da EMMV (Anexo I do PPT).*
- c) Comprométese á impartición de 40 horas de cursos específicos a maiores do curso de preparación para o acceso do alumnado ás ensinanzas reguladas de música, de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMMV (Anexo I do PPT).*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(629).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA (EMD) EXPTE. 98457/332.

Visto o informe de fiscalización de data 7/08/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD) (98.457-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD) (98.457-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo (EMD).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 21/04/2025, modificado o 12/05/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/05/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 658.953,96 euros (exento de IVE), para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3260.227.9926 “Escola municipal de danza”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 29.453,32 euros correspondentes ao ano 2025;*
- 164.738,49 euros correspondentes ao ano 2026;*
- 164.738,49 euros correspondentes ao ano 2027;*
- 164.738,49 euros correspondentes ao ano 2028;*
- e 135.285,17 euros correspondentes ao ano 2029.*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 18 de xullo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD) (98457-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	WENCESLAO CABEZAS DEL TORO	90,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, WENCESLAO CABEZAS DEL TORO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

2. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, WENCESLAO CABEZAS DEL TORO, o día 21 de xullo de 2025, que presenta a documentación requirida os días 28 e 29, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- DNI do licitador (persoa física).
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (115.316,94 €) tendo en conta que neste procedemento existe clasificación presentan a conta de perdas e ganancias do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (115.316,94 €) presenta certificado de boa execución cuxo importe do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval bancario por un importe de 32.947,70 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de agosto de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar WENCESLAO CABEZAS DEL TORO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por WENCESLAO CABEZAS DEL TORO, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 10 de xullo de 2025 e do acordo da Mesa do 17 de xullo, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a WENCESLAO CABEZAS DEL TORO o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD) (98.457-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo do contrato é de 658.953,96 euros, exento de IVE.*
- b) Comprométese á realización de 11 días de actividades extraescolares complementarias ofertada (a maiores das audicións periódicas do alumnado) de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da EMD (Anexo I do PPT).*
- c) Comprométese á impartición de 48 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMD (Anexo I do PPT).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

6(630).- CAMBIO DA RESPONSABLE DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO (2025-2030). EXPTE. 10538/113.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/08/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello de Vigo (2025-2030) (10.538-113) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello de Vigo (2025-2030) (10.538-113) (PPT)

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 21 de febreiro de 2025, aprobou o expediente de licitación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello de Vigo (2025-2030) (10.538-113).

2.- En data 27 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar este contrato a IMATIA INNOVATION, SL por un prezo total de 176.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.545,45 euros e cunha porcentaxe única de

desconto do 3,75% a aplicar aos presos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Este contrato formalizouse o 23 de xullo de 2025 por un prazo de 1 ano, contado a partir do día seguinte. Están previstas dúas prórrogas de 2 anos de duración cada unha.

3.- O 7 de agosto de 2025, o xefe do Servizo de Administración Electrónica – responsable do contrato, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe:

“[...] FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Segundo o artigo 62 da LCSP, con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de contratación deberá designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución, adoptar decisións e ditar instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro das facultades outorgadas polo órgano de contratación e segundo as especificacións técnicas e condicións de execución definidas nos pregos.

Na cláusula 2.4 do PCAP se detallan as funcións do responsable do contrato.

Á vista do exposto e sendo necesario contar cun facultativo especialista que desenvolva as funcións preceptivas de supervisión e cumprimento das condicións do contrato, xestión e control de posibles modificacións, e demais funcións referidas na cláusula 2.4 do PCAP, xustificado na reestruturación de tarefas por necesidades do servizo,

SOLICÍTASE

Que polo órgano de contratación, unha vez xa formalizado o contrato ,se designe ao funcionario municipal Técnico Medio de Sistemas, Miguel Amor Río, como técnico responsable do contrato de servizo de mantemento de software desenvolvido internamente”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a este cambio. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

-II-

Do responsable do contrato

O artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público dispón que *“Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela”*.

Neste senso, a cláusula 2.3 do PCAP determina que:

“3.- O responsable do contrato será a persoa física ou xurídica designada no apartado 1.C da FEC ou será nomeado pola Xunta de Goberno local no acordo de aprobación do expediente. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.”

Segundo o apartado 1C das Follas de especificacións do contrato (en adiante FEC) determina que o responsable do contrato é o xefe do Servizo de Administración Electrónica.

No informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica – responsable do contrato de data 7 de agosto de 2025 solicítase o cambio *“xustificado na reestruturación de tarefas por necesidades do servizo”*.

Tal e como se sinala na citada cláusula 1 do PCAP, se durante a vixencia do contrato fose necesario cambiar o responsable do contrato, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.

Á vista do exposto, procede o cambio da responsable do contrato, o xefe do servizo de Administración Electrónica, polo técnico medio de Sistemas, Miguel Amor Río.

- III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o cambio da responsable do contrato do servizo de mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello de Vigo (2025-2030) (expediente 10.538-113) designando ao técnico medio de Sistemas.

2º.- Notificar este acordo ao servizo xestor e ao contratista, IMATIA INNOVATION, SL”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(631).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP: “SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS”. EXPTE. 7512/611.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 7/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/08/2025, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.-

a) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21 de xuño de 2024, acordou aprobar o “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE RISCOS E SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP” (expediente nº 6963-241).

b) A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de setembro de 2024, adoptou acordo, co seguinte teor literal (trámite nº 5 do expte 6827-611):

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación do seguro COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS , mediante adhesión ao acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 SEGURO DE ACCIDENTES PARA AS ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES .



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Segundo- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 SEGURO DE ACCIDENTES PARA AS ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES ., adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a MARKEL INSURANCES SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizado en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano.

Terceiro.- O importe máximo do contrato é de 34.921,90 €, segundo consta na memoria económica do servizo xestor.

Cuarto.- O contrato baseado iniciárase as 00:00 do 1 de outubro do 2024 ata as 24:00 do día 30 de setembro do 2025 con posibilidade de prórroga dun ano.

Quinto.- O gasto imputárase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024, 3420. 2240001 ao existir crédito suficiente e necesario, e con cargo a bolsa de vinculación se fose preciso.

Anualidade	Importe con IVE
2024	34.921,90

Sexto.- Nomease responsable do contrato baseado a Adx. Xefatura Servizo deportes, Director técnico servizo deportes”.

c) Con data 30.09.2024, enviouse dende o Servizo de Contratación, notificación de adxudicación á contratista adxudicataria MARKEL INSURANCES SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF W2764898I) (trámite nº 83 expte 6827-611).

d) Con data 26.06.2025, o aviso previo da primeira e única prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámite núm. 5 do expte núm. 7512-11). Consta acuse de recibo da recepción da notificación enviada dende este Servizo de Deportes (trámite núm. 8 do expte nº 7512-611).

2.- Fundamentos de dereito.-

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No “PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE RIGE LA CELEBRACIÓN DEL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POR LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP”, na súa **cláusula 21.5. “Plazo de los Contratos basados”**, recóllese que a duración ordinaria dos contratos basados será de un ano, podendo prorrogarse por un ano máis (2 anos de duración máxima) (trámite nº 30 expte 6827-611).

A empresa adxudicataria non presentou documento de oposición en relación coa prórroga proposta.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.-

A empresa adxudicataria MARKEL INSURANCES SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF W2764898I), no transcurso do período contractual vén desenvolvendo este contrato de acordo cos criterios marcados no “PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARTICULARES QUE REGULAN EL ACUERDO MARCO DEL SERVICIO DE SEGURO DE DAÑOS MATERIALES PARA LAS ENTIDADES LOCALES, ORGANISMOS AUTÓNOMOS Y ENTES DEPENDIENTES, ADHERIDOS A LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS CON RANGO HASTA 10.000 HABITANTES” (trámite nº 29 do expte 6827-611), de xeito satisfactorio.

4.- Prezo total do contrato.-

O prezo total do contrato é de 34.921,90 € (“operación de seguro” exenta de IVE segundo o disposto no artigo 20.16 da Lei 37/1992 do Imposto sobre o valor engadido).

5.- Prezo para o período da primeira e única prórroga.-

En atención a que esta primeira e única prórroga será dun (1) ano, non procedendo a revisión de prezos, o prezo para o período desta prórroga (iniciarase as 00:00 do 1 de outubro do 2025 ata as 24:00 do día 30 de setembro do 2026), será de 34.921,90 €.

6.- Financiamento do contrato.-

O contrato financíase con cargo á aplicación orzamentaria 3420. 2240001 “SEGUROS DE ESCOLAS DEPORTIVAS”, do orzamento de gastos en vigor, para a Concellería de Deportes do Concello de Vigo para o ano 2025, ao existir crédito adecuado e suficiente.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se vén desenvolvendo este tipo de subministro en anos anteriores. Polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

Polo anteriormente exposto e conforme co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cómpre a aprobación da “PRIMEIRA E ÚNICA PRÓRROGA DO CONTRATO BASADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

FEMP: SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS. EXPTE NÚM. 6827-611".

Polo tanto, previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: aprobar a "PRIMEIRA E ÚNICA PRÓRROGA DO CONTRATO BASADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP: SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS. EXPTE NÚM. 6827-611", a favor da adxudicataria **MARKEL INSURANCES SUCURSAL EN ESPAÑA** (CIF W2764898I), para o período comprendido entre as 00:00 do 1 de outubro do 2025 ata as 24:00 do día 30 de setembro do 2026, ambos os dous incluídos, por un importe total de 34.921,90 €, con cargo á partida orzamentaria 3420.2240001 "SEGUROS DE ESCOLAS DEPORTIVAS", do orzamento de gastos en vigor, para a Concellería de Deportes do Concello de Vigo para o ano 2025.

Segundo: notificar o presente acordo de aprobación da "PRIMEIRA E ÚNICA PRÓRROGA DO CONTRATO BASADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP: SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS. EXPTE NÚM. 6827-611", á empresa **MARKEL INSURANCES SUCURSAL EN ESPAÑA** (CIF W2764898I), na súa condición de adxudicataria do "LOTE 8 (SEGURO DE ACCIDENTES PARA AS ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES)-CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE RISCOS E SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP" nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(632).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS. EXPTE. 24868/333.

Visto o informe xurídico do 6/08/2025 e o informe de fiscalización do 7/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 10707/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.-

a) A Xunta de Goberno Local, con data 28 de xullo de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a “CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ABREVIADO SIMPLIFICADO DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS (expte núm. 21243-333)”. para un período de un ano, e tres prórrogas dun ano cada unha delas (trámite núm. 147 do expte núm. 21243-333).

b) Dado que segundo o disposto na cláusula 22.1 do PCAP, corresponde ao servizo xestor a competencia par formular a proposta de resolución, con data 10.10.2022, o concelleiro-delegado de Deportes, resolve o seguinte (trámite núm. 190 do expte núm. 21243-333).:

“Adxudicar a BAYGAR, S.L. CIF: B12019659, por importe de 3.179,88 € con IVE, o SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS, sendo o IVE do 21% de 551,88 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e da oferta presentada expte. 21243/333.”

c) O correspondente contrato, entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria Baygar, SL, foi formalizado o 13.10.2022 (trámite número 202 do expte núm. 21243-333). O prazo de execución do contrato, comezou o día 26.10.2022.

d) Con data 13.10.2022, enviouse dende o Servizo de Contratación, notificación de adxudicación á empresa adxudicataria BAYGAR, SL (trámite núm. 197 do expte núm. 21243-333), que consta recibida (trámite núm. 201 do expte núm. 21243-333).

e) Con data 21.12.2022, o adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, realizou INFORME PROPOSTA, dirixido á Intervención Xeral, PARA O AXUSTE DE ANUALIDADES DO EXPTE NÚM. 21243-333 “CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ABREVIADO SIMPLIFICADO DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS (expte núm. 21243-333)" (trámite núm. 218 do expte núm. 21243-333), no que ficaban recollidos os prezos totais do contrato para o ano de vixencia.

f) Con data 4.08.2023, o aviso previo da primeira prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámite núm. 5 do expte núm. 22944-333). Consta acuse de recibo da recepción da notificación enviada dende este Servizo de Deportes (trámite núm. 9 do expte núm. 22944-333).

g) A Xunta de Goberno Local, acordou na sesión ordinaria do 13.10.2023, aprobar a 1ª prórroga dun ano do "CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASSETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS. EXPTE NÚM. 21243-333", a favor da adxudicataria BAYGAR, SL, para os período comprendido entre os días 26.10.2023 e 25.10.2024, ambos os dous incluídos, con cargo á partida orzamentaria 3420.2080000 "OUTRO MATERIAL", por un importe total, con IVE, de 3.179,88 € (trámite núm. 38 do expte núm. 22944-333).

h) Con data 5.07.2024, envíase á empresa Baygar SL, o aviso previo da segunda prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámite núm. 5 do expte núm. 23948-333). Consta acuse de recibo do 8.07.2024, da recepción da notificación enviada dende este Servizo de Deportes (trámite núm. 10 do expte núm. 23948-333).

i) A Xunta de Goberno Local, acordou na sesión ordinaria do 23.08.2024, aprobar a 2ª prórroga dun ano do "CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASSETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS. EXPTE NÚM. 21243-333", a favor da adxudicataria BAYGAR, SL, para os período comprendido entre os días 26.10.2024 e 25.10.2025, ambos os dous incluídos, con cargo á partida orzamentaria 3420.2080000 "OUTRO MATERIAL", por un importe total, con IVE, de 3.179,88 € (trámite núm. 45 do expte núm. 23948-333).

j) Con data 26.06.2025, envíase á empresa Baygar SL, o aviso previo da terceira prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámite núm. 10 do expte núm. 24868-333). Consta acuse de recibo do 26.06.2025, da recepción da notificación enviada dende este Servizo de Deportes (trámite núm. 14 do expte núm. 24868-333).

2.- Fundamentos de dereito.-

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as

súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

A empresa adxudicataria non presentou documento de oposición en relación coa prórroga proposta.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.-

A empresa adxudicataria BAYGAR, SL, no transcurso do período contractual vén desenvolvendo este contrato de subministro en réxime de alugueiro, de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto á características técnicas das casetas instaladas, condicións de entrega e montaxe das mesmas, prazo de entrega e calidade das casetas instaladas.

A este respecto e como motivación da necesidade desta segunda prórroga que se propón, cómpre ter en conta que segue a existir a necesidade de continuar co alugueiro de cadansúa caseta no campo de fútbol do Carballal e nas pistas de atletismo de Balaídos, xa que son necesarias para o desenvolvemento da actividade deportiva e ambas os dous recintos deportivos municipais.

4.- Prezo total do contrato.-

O prezo total do contrato é de 3.179,88 €, sendo a cota correspondente ao IVE (21%) de 551,88 €.

5.- Prezo para o período da terceira e última prórroga.-

En atención a que a terceira prórroga será dun (1) ano, a partir da data de remate da vixencia da primeira e que, segundo o indicado no PCAP, non procede a revisión de prezos, o prezo para o período desta terceira prórroga (entre o 26.10.2025 ata o 25.10.2026), será de 3.179,88 €.

6.- Financiamento do contrato.-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

O contrato financíase con cargo á aplicación orzamentaria 3420-2080000 “OUTRO MATERIAL”, do orzamento de gastos en vigor da Concellaría de Deportes, que conta con crédito adecuado e suficiente, na dita partida ou en todo caso, na correspondente bolsa de vinculación dos orzamentos de gastos da Concellaría de Deportes do Concello de Vigo.

A tramitación d expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se vén desenvolvendo este tipo de subministro en anos anteriores. Polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

Polo anteriormente exposto e conforme co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cómpre a aprobación da TERCEIRA E ÚLTIMA PRÓRROGA do “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS. EXPTE NÚM. 21243-333”.

Polo tanto, previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: aprobar a terceira (3ª) e última prórroga dun ano de duración do “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS. EXPTE NÚM. 21243-333”, a favor da adxudicataria BAYGAR, SL, para os período comprendido entre os días 26.10.2025 e 25.10.2026, ambos os dous incluídos, con cargo á partida orzamentaria 3420.2080000 “OUTRO MATERIAL”, por un importe total, con IVE, de 3.179,88 €, que terá o seguinte repartimento por anualidades:

- Ano 2025 (26.10.2025 a 31.12.2025): 572,73 €.

- Ano 2026 (01.01.2026 a 25.10.2026): 2.607,15 €.

Segundo: notificar o presente acordo de aprobación da terceira (3ª) e última prórroga, á empresa BAYGAR, SL co CIF B12019659, na súa condición de adxudicataria do “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS. EXPTE NÚM. 21243-333”, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(633).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 47083/220.

Visto o informe de fiscalización de data 07/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente por resolución de incoación de expediente, e unha vez considerada a necesidade de priorizar a provisión definitiva dos postos de mando e liderazgo xerárquico no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (SPEIS) en atención aos aspectos do contido do “Estudio de la organización, puestos de trabajo, régimen retributivo, eficiencia en la prestación y condiciones de seguridad y salud en el Servicio de Prevención, Extinción de Incendios y Salvamento (SPEIS) del Concello de Vigo”, elaborado pola contratista ACONSELA, S.L. en 2023, e no cal, e entre outros aspectos, se indica a necesidade de reforzar a estrutura de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

mando e o liderazgo no servizo analizado, de estrutura fortemente xerarquizada, conforme ao establecido no regulamento rector do mesmo.

A prioridade no reforzamento do mando dun servizo esencial como é o SPEIS motiva a priorización da provisión definitiva da xefatura, fortalecendo a cadea de mando en rango xerárquico superior, xunto coa provisión definitiva da subxefatura -ésta última igualmente en tramitación en expediente administrativo nº 47.086-220.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción inter-

na, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto de xefatura do SPEIS, dada a responsabilidade profesional inherente á mesma; memoria que pode ser consultada por calquer persoa interesada ao estar publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura do SPEIS, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que reproducen en esencia o modelo tipo determinado para a provisión de outros postos de traballo con convocatorias públicas xa resoltas e convocadas polo procedemento de libre designación (así, a título exemplificativo, a xefatura do Servizo de Administración Electrónica ou xefatura da Unidade Administrativa da Alcaldía).

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobamos as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, mediante o procedemento de libre designación, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN

"Primeira.- Obxecto da Convocatoria.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva, polo procedemento de libre designación, do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS)

Segunda.- Características do posto de traballo.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra núm. 183, do xoves 19 de setembro do 2025, e dispoñible no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, sendo as súas características as seguintes:

Denominación do posto: “Xefe/a Servizo Extinción de Incendios e Salvamento”.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Servizo no que se adscribe: Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento

Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2130101

Escala: Administración Especial, subescala Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais.

Subescala: Técnica Superior/Técnica Media

Grupo: A. subgrupo: A1/A2

Tipo: singularizado

Complemento de destino: 26

Complemento específico: 618

Complemento específico anual: 43.403,22 euros

Forma de provisión: Libre designación

Titulación: 1-2

Formación específica: non se esixe

Respecto ás funcións asociadas, exercerá aquelas contempladas na normativa vixente de aplicación ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, na súa condición de xefatura do servizo e nos termos contemplados no Regulamento do Servizo, aprobado por acordo plenario de data 02/03/1998 e publicado no BOPPO do 07/04/1998, e Guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, publicadas no Portal de Transparencia (www.transparencia.vigo.org)

Terceira.- Requisitos de participación.

Poderán concorrer á convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais do Concello de Vigo, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, calquera que sexa a súa situación administrativa agás a da suspensión de funcións, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias.

b) Estar en posesión da titulación requirida.- titulación do seguinte grupo de titulación determinado na RPT:

1.- Grao ou equivalente

2.- Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a, F.P. 3 ou equivalente.

Todos os requisitos deberán posuírse na data da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

Cuarta.- Presentación de solicitudes e documentación.

As solicitudes se dirixirán á Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia deberá contemplar, como contido mínimo, os datos persoais do/da solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor.
- Currículum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes.
- Certificación acreditativa da condición de persoal funcionario de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado» no modelo normalizado correspondente.

Quinta.- Resolución da convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo de 1 mes contado dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 56 del Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración General del Estado.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española de 1978 e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario. As presentes bases se adaptan ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 15 de setembro de 2021.

A persoa nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

Sexta.- Toma de posesión.

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou de 1 mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo.

Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponder.

Sétima.- Publicidade.

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da sede electrónica do Concello de Vigo. Asimesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE). A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na sede electrónica do Concello de Vigo.

Oitava.- Recursos.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

10(634).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE SUBXEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 47086/220.

Visto o informe de fiscalización de data 07/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente por resolución de incoación de expediente, e unha vez considerada a necesidade de priorizar a provisión definitiva dos postos de mando e liderazgo xerárquico no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (SPEIS) en atención aos aspectos do contido do “Estudio de la organización, puestos de trabajo, régimen retributivo, eficiencia en la prestación y condiciones de seguridad y salud en el Servicio de Prevención, Extinción de Incendios y Salvamento (SPEIS) del Concello de Vigo”, elaborado pola contratista ACONSELA, S.L. en 2023, e no cal, e entre outros aspectos, se indica a necesidade de reforzar a estrutura de mando e o liderazgo no servizo analizado.

Dada a creación de 1 praza de oficial na plantilla municipal correspondente ao ano 2023, e o conseguinte posto de traballo asociado (subxefe/a) na RPT do mesmo ano, foi intentada a provisión temporal en comisión de servizos, quedando a mesma deserta por falta de aspirantes que reunisen os requisitos legais para o desempeño do posto de traballo (expediente nº 42.583/220). Tendo sido declarada deserta a dita convocatoria de provisión temporal por resolución administrativa de 04.09.2023.

A prioridade no reforzamento no mando dun servizo esencial como é o SPEIS motiva a priorización da provisión definitiva da subxefatura, en garantía do debido exercicio das competencias municipais en materia de seguridade e da prevención e extinción de incendios e salvamento, fortalecendo a cadea de mando en rango xerárquico superior aos sarxentos.

Indícase que, tal e como consta na resolución de incoación de expediente de data 16/07/2025, non existe na plantilla municipal efectivo algún coa categoría de oficial de bombeiros que poda concorrer ao presente proceso de provisión, a excepción do funcionario municipal adscrito á xefatura do SPEIS; razón pola cal cómpre que o proceso deba ser aberto á concorrncia de persoal procedente doutras Administracións Públicas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do

empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Neste senso, a relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto de xefatura do SPEIS, determinándose a forma de provisión polo procedemento de libre designación dada a responsabilidade profesional inherente ao posto; criterio que ten sido aplicado na relación de postos de traballo correspondente ao ano 2023 para o posto de traballo de nova creación de subxefatura, que está chamado a exercer idénticas responsabilidades que a xefatura nos supostos previstos na normativa vixente de aplicación ao concreto ámbito, de alta especialidade material e funcional.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de subxefatura do SPEIS, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que

reproducen en esencia o modelo tipo determinado para a provisión de outros postos de traballo con convocatorias públicas xa resoltas e convocadas polo procedemento de libre designación (así, a título exemplificativo, a xefatura do Servizo de Administración Electrónica, xefatura da Unidade Administrativa da Alcaldía) aínda que, a diferenza das anteriores, propónse excepcionalmente a apertura da presente convocatoria a persoal funcionario de carreira procedente de outras Administracións Públicas, coa única e estricta finalidade de evitar unha nova declaración de procedemento deserto na provisión definitiva de un posto de traballo de carácter esencial no debido exercicio da liña de mando no SPEIS, como sucedeu no expediente n.º 42.583/220, de provisión temporal en comisión de servizos relacionado nos antecedentes.

Na memoria xustificativa da forma de provisión dos postos de traballo emitida á relación de postos de traballo do Concello de Vigo (expediente n.º 1690-110) e remitida ao Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Vigo se contempla o seguinte (páxina 37 do documento):

“Convocatoria.

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante as convocatorias consonte o establecido na relación de postos e traballo poderán permitir que certos postos da administración sexa cubertos por funcionarios doutras administracións (SSTS 25 de xaneiro de 2012, STC 156/1998 e 8/2010), posibilidade recollida no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, que establece a posibilidade de que os postos de traballo se provean por parte de funcionarios doutras administracións públicas, se así o prevé as relacións de postos de traballo. Así mesmo, o artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia sinala que “as relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non poden superar o 7% do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, agás que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade”

E por isto polo que se propón que os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo.

Dita proposta se realiza porque existe na actualidade unha importante necesidade de persoal no Concello, en concreto de personal de perfil eminentemente técnico que dé resposta as novas e máis complexas obrigacións e responsabilidades que derivan das novas disposicións legais do Estado e Comunidade Autónoma e a maioría do persoal técnico de nivel A1 está ocupando xefaturas de postos ou mediante encomenda desenvolvendo ditas funcións. No obstante os postos de provisión de libre designación requiren dun perfil con determinada



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

experiencia e coñementos polo que posibilidade de apertura de ditos postos a outro persoal funcionarios doutras Administracións pode contribuír a achegar coñecementos e destrezas moi útiles a favor desta entidade local. Sempre é útil poder contar con maior número de posibles candidatos para ocupar postos vacantes, porque os perfís e méritos a comparar serán maiores e pode supoñer que se doten con persoal con maior experiencia aproveitando deste xeito os recursos humanos, en aras de garantir a eficacia do servizo que se preste a los ciudadanos (artigo 84.1 do TREBEP)”

Dado que no momento actual, e sempre a salvo de erro ou omisión, o único funcionario municipal que podería reunir os requisitos de desempeño do posto de subxefatura do SPEIS por razón de pertenza ao corpo, escala, categoría e subgrupo de titulación é o funcionario actualmente adscrito á xefatura do propio SPEIS -xefatura tamén convocada para a súa provisión definitiva en expediente n.º 47.083-220- propónse, **en forma excepcional** e consonte á posibilidade expresamente prevista nos parágrafos transcritos da memoria xustificativa citada, a convocatoria de provisión definitiva do posto de subxefatura en forma aberta a persoal procedente de outras Administracións Públicas, dado que non se lesionan os dereitos á carreira profesional e á progresión profesional acadada do persoal ao servizo do Concello de Vigo, contemplados respectivamente no artigo 14, letras b) e c) e Disposicións Adicional Oitava e Transitoria Primeira, apartado primeiro, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) e dado que excepcionalidade atopa a súa xustificación nos extremos xa indicados respecto da ausencia ou escasez de persoal funcionario de carreira na plantilla do SPEIS susceptible de reunir os requisitos de desempeño do posto por razón de pertenza á ao corpo, escala, categoría e subgrupo de titulación.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Subxefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, mediante o procedemento de libre designación, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

Primeira.- Obxecto da Convocatoria.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva, polo procedemento de libre designación, do posto de traballo vacante de Subxefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS)

Segunda.- Características do posto de traballo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicado no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra núm. 189, do xoves 19 de setembro do 2024, e dispoñible no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, sendo as súas características as seguintes:

Denominación do posto: "Subxefe Extinción de Incendios".

Servizo no que se adscribe: Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento

Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2130102

Escala: Administración Especial, subescala Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais.

Subescala: Técnica Superior/Técnica Media

Grupo: A. subgrupo: A1/A2

Tipo: singularizado

Complemento de destino: 26

Complemento específico: 680

Complemento específico anual: 21.255,50 euros

Forma de provisión: Libre designación

Titulación: 1-2

Formación específica: non se esixe

Respecto ás funcións asociadas, exercerá aquelas contempladas na normativa vixente de aplicación ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, baixo o mando inmediato da xefatura do servizo e nos termos contemplados no Regulamento do Servizo, aprobado por acordo plenario de data 02/03/1998 e publicado no BOPPO do 07/04/1998.

Terceira.- Requisitos de participación.

Poderán concorrer á convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás a da suspensión de funcións, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias.

b) Estar en posesión da titulación requirida.- titulación do seguinte grupo de titulación determinado na RPT:

- 1.- Grao ou equivalente
- 2.- Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a, F.P. 3 ou equivalente.

Todos os requisitos deberán posuírse na data da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

Cuarta.- Presentación de solicitudes e documentación.

As solicitudes se dirixirán á Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia deberá contemplar, como contido mínimo, os datos persoais do/da solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor.
- Currículum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes.
- Certificación acreditativa da condición de persoal funcionario de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado» no modelo normalizado correspondente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Quinta.- Resolución da convocatoria.

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo de 1 mes contado dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 56 del Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración General del Estado.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española de 1978 e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario. As presentes bases se adaptan ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 15 de setembro de 2021.

A persoa nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

Sexta.- Toma de posesión.

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou de 1 mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo.

Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponder.

Sétima.- Publicidade.

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da sede electrónica do Concello de Vigo. Asimesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE). A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na sede electrónica do Concello de Vigo.

Oitava.- Recursos.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(635).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE OBXECTOS RELACIONADOS CON FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN Y EL DUAYEN E A SÚA ESPOSA MARYANNE WHYTE. EXPTE. 7828/337.

Visto o informe xurídico do 08/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo director do Museo Municipal Quiñones de León, o xefe do Servizo de Museos e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Conforme á Lei 7/21 de 17 de febreiro de museos e outros centros museísticos de Galicia, Título I, artigo 3. a., é función dos museos “**A adquisición**, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos.”

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño do 2024 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcal-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

día do 28 de xuño de 2024 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados, ten entre as súas competencias en materia de museos:

- “1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais (...)
2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión (...)
- 7.—Aprobación de programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos..), como acordos de préstamo temporal de elementos das mesmas.”

Con data 6.08.25 Leanda de Lisle de nacionalidade británica, número de pasaporte GBR ***254***1, dirixe escrito ó Concelleiro delegado de Cultura manifestando o seu desexo de doar á cidade de Vigo os seguintes obxectos da súa colección, relacionados con Fernando Quiñones de León y Elduayen, Marqués de Mos e Valladares; e a súa esposa Maryanne Whyte:

1. 70 placas estereoscópicas de cristal que mostran o Pazo de Castrelos a principios do século XX.
2. Unha cigarreira irlandesa, feita en roble de turbeira, estilo ruso con cordón de esca, e montura de prata, agasallo de Maryanne Whyte ao seu marido, Fernando Quiñones de León.
3. 2 fotografías en branco e negro de familiares de Maryanne Whyte e 2 postais do Pazo de Castrelos. Así mesmo manifesta o seu desexo de colaborar na exposición que está a preparar o museo polo centenario da doazón do pazo, cedendo en préstamo temporal para a mesma outras fotografías e pezas.

Manifesta que toda a colección é da súa exclusiva e lexítima propiedade; e que lle gustaría que a seguinte inscrición aparecese na exposición: "In memoriam Rupert March Phillips de Lisle 1988-2023."

Acompaña o seu escrito cunha relación de todos os obxectos tanto os que oferta en doazón como os que oferta en préstamo temporal.

I. Descrición dos obxectos ofertados en doazón

1. 70 placas estereoscópicas de cristal que mostran o Pazo de Castrelos a principios do século XX



Placas fotográficas orixinais en branco e negro (non inclúe o visor)

Autor: Fernando Quiñones de León y Elduayen (?)

Dimensións: 12 x 6 x 2 cm

Data: Principios do século XX

Tratase dunha valiosísima reportaxe fotográfica con vistas dos interiores do Pazo de Castrelos e dos seus xardíns a comezos do século XX. A dixitalización das placas vai permitir coñecer máis polo miúdo cómo era o pazo nesa época. Fainas singulares o feito de seren estereoscópicas grazas o cal, co conveniente visor ou proxección, posibilitan a inmersión en 3d nas propias vistas. Apuntase a posibilidade de que o autor das placas fose o propio Fernando Quiñones de León, Marqués de Mos e Valladares, dada a súa coñecida afición á fotografía.

2. Cigarreira irlandesa, feita en roble de turbeira, estilo ruso con cordón de esca, e montura de prata, agasallo de Maryanne Whyte ao seu marido, Fernando Quiñones de León.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102



Cigarreira irlandesa

Autor: Descoñecido

Dimensións: 10 x 25 x 16 cm

Data: Ca. 1905

Este obxecto ten un gran valor para o museo municipal en tanto sería o primeiro obxecto persoal do Marqués de Mos y Valladares do que disporíamos. Debeu ter unha consideración especial para Maryanne porque conservouno toda a vida pasando así ós seus descendentes entre os que se atopa a doante Leanda de Lisle. Así mesmo representa ben a Maryanne Whyte como irlandesa posto que a turba, e a madeira rescatada dela, ten moito valor simbólico na cultura daquel país.

3. Conxunto de 2 fotografías en branco e negro de familiares de Maryanne Whyte e 2 postais do Pazo de Castrelos

3.1. Retrato de Mona O'Brien?

Fotografía orixinal en branco e negro con marco orixinal de coiro.



Autor: Descoñecido

Dimensións: 15x 12 x 1 cm

Data: Ca. 1900

Probable retrato en branco e negro de Mona O'Brien, íntima amiga de Maryanne, casada co Conde O'Brien.

3.2. Retrato de Ebba Harline d'Iberville Le Moyne Whyte (copia)



Fotografía en branco e negro do retrato orixinal a lápiz. Con marco.

Autor: Descoñecido



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Dimensións: 15 x 12 x 1 cm

Data do retrato orixinal: 1913

Ebba Harline d'Iberville Le Moyne Whyte foi a irmá de Maryanne Whyte, polo tanto cuñada de Fernando Quiñones de León, Marqués de Mos y Valladares.

Nacida en 1888 en Carrick on Shannon, Leitrim, Ireland; casou co banqueiro Sir Everard Alexander Hambro en 1911. Non tivo descendencia e morreu en Newbury (Inglaterra) en 1961.

3.3. 2 postais do Pazo de Castrelos



Postais fotográficas do Pazo de Castrelos

Autor: Descoñecido

Dimensións: 14,5 x 11 cm.

Data do retrato orixinal: Ca 1915

Postais orixinais do “Palacio de Castrelos” en branco negro. Sendo aínda propiedade privada dos Marquesses, o Pazo xa era reclamo turístico da cidade de Vigo polo fotografiabase e reproducía en postais de recordo para viaxeiros.

A doante ofrece as páxinas completas do álbum no que se atopan as postais que inclúen ademais dúas fotografías da casa Milton Abbey donde vivira Ebba Harline d'Iberville, irmá de Maryanne, durante o seu matrimonio con Sir Everard Hambro.

III. Valoración histórica do conxunto ofertado

As investigacións promovidas nos últimos anos polo museo municipal proporcionaron unha ampla llistaxe de contactos relacionados con D^a Maryanne Whyte, última residente do Pazo de Castrelos.

Entre eles atopase Leanda de Lisle, sobriña segunda de Maryanne.

Maryanne Whyte (1875 – 1943) foi a esposa de Fernando Quiñones de León y Elduayen, VIII marqués de Valladares, VII marqués de Mos (1883 - 1918). Ó falecemento do marqués, Maryanne casou co destacado militar galés Cecil Allanson, residindo ambos no pazo de Castrelos ata 1931.

A Sra. de Lisle dirixiu escrito ó Concelleiro delegado de Cultura, manifestando ser a única e lexítima propietaria do conxunto de obxectos que aquí se referencian; así como o seu interese en doar estes obxectos á cidade de Vigo.

O museo “Quiñones de León” non ten na actualidade ningún obxecto directamente relacionado con D. Fernando Quiñones de León, fillo do doante do pazo de Castrelos, o Marqués de Alcedo. E só algunha fotografía da súa viúva D^a Maryanne Whyte.

A aceptación desta doazón significaría polo tanto incorporar á colección municipal pezas de valor histórico evidente tanto para o museo como para a historia da cidade; aspecto particularmente destacado no conxunto de placas fotográficas que se doan e que permitirán coñecer graficamente os interiores do pazo e o seu xardín dos cales apenas temos hoxe representación.

Queda así plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón dos obxectos ofertados en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal “Quiñones de León.

III. Valoración económica do conxunto ofertado e outras consideracións

O valor económico do conxunto é de 5.200 euros.

Resultado da suma dos seus valores individuais:

1. 70 placas estereoscópicas de cristal. 1.500 €
2. Cigarreira irlandesa. 2.000 €
3. 2 fotografías en branco e negro de familiares de Maryanne Whyte e 2 postais do Pazo de Castrelos. 1.700 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Os obxectos presentan no momento do presente informe aceptable estado de conservación.

Visto todo o cal; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; Concelleiro Delegado de Cultura; Concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón dun conxunto de obxectos referidos a D. Fernando Quiñones de León y Elduayen e á súa esposa D^a Maryanne Whyte; ofertados por Leanda de Lisle de nacionalidade británica número de pasaporte ***254***1; cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de historia do Museo Municipal "Quiñones de León"; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(636).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN DRON SUBACUÁTICO PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 7381/213.

Visto o informe xurídico do 05/08/2025 e o informe de fiscalización de data 06/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
 - Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
 - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
 - Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 29 de maio de 2025 a concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal, acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro dun dron subacuático operativo para o Servizo de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 29 de maio de 2025 e a concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal de 29 de maio de 2025.

Memoria económica do contrato de data 15/07/2025, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros, conformada pola Concelleira da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal e Orzamentos e Facenda.

Certificado de crédito de data 02 de xuño de 2025.

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 15/07/2025, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria xustificativa do contrato de data 15/07/2025, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada da área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Informe da xefa do Servizo de Contratación de 17 de xullo de 2025 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto super simplificado do subministro dun dron subacuático operativo para o Servizo de Bombeiros, asinado pola técnica de contratación de data de 17 de xullo de 2025 e pola xefa do Servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A c concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal mediante resolución de 29 de maio de 2025 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto supersimplificado non é necesaria a súa xustificación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1939/1102

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto supersimplificado para o subministro dun dron subacuático operativo para o Servizo de Bombeiros , que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 15/07/2025.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 17/07/2025.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 25.000,00 euros, do que 4.338,84€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606230003 “ Adquisición dron subacuático” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(637).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez